CA1.5 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Coñecer os obxectivos de desenvolvemento sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.8 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional, da comprensión e posta en valor da nosa memoria democrática e dos aspectos fundamentais que a conforman, da contribución dos homes e mulleres a esta, e a defensa dos nosos valores constitucionais.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.10 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demás, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.2 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.3 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.4 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.6 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Recoñecer as iniciativas da sociedade civil, reflectidas en asociacións e entidades sociais, adoptando actitudes de participación e transformación no ámbito local e comunitario, especialmente no ámbito das relacións interxeracionais.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inherencia humanitaria e xustiza universal.</li> <li>- Desigualdade einxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento.</li> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.</li> <li>- Tempo histórico: construcción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.</li> <li>- Relacións multicausais na construcción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos.</li> <li>- Os fundamentos xeoestratégicos desde a segunda metade do século XX ata a actualidade, a política de bloques, os conflitos da descolonización en Asia e África e a nova orde mundial. O papel dos organismos internacionais.</li> <li>- O proceso de construcción europea. Integración económica, monetaria e ciudadá. As institucións europeas. A extensión do Estado do benestar en Europa. O futuro de Europa.</li> <li>- As transformacións científicas e tecnolóxicas dos séculos XX e XXI: a globalización e a era da internet. Dimensión ética da ciencia e da tecnoloxía. Cambios culturais e novos movementos sociais: feminismo, ecoloxismo e pacifismo. Os medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais.</li> <li>- A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.</li> <li>- A acción dos movementos sociais de cuarta xeración nun mundo globalizado. Procesos de evolución e involución: a perspectiva emancipadora da interpretación do pasado.</li> <li>- A transición política e a configuración do Estado democrático en España: a Constitución de 1978 e o Estatuto de autonomía de Galicia. O Estado do benestar en España.</li> <li>- Os fundamentos xeoestratégicos desde a fin da Guerra Fría. O papel dos organismos internacionais na actualidade.</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</li> <li>- Cidadanía ética dixital. Novos comportamentos na sociedade da información.</li> </ul>

## Contidos

- Compromiso cívico e participación cidadá. Mediación e xestión pacífica de conflitos e apoio ás vítimas da violencia e do terrorismo.
- Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais.
- Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.
- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.
- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.
- Os valores do europeísmo. Fórmulas de participación en programas educativos europeos.
- Institucións do Estado que garanten a seguridade integral e a convivencia social. Os compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
12	A Arte do s. XX ao s. XXI: Vangarda e PostVanguarda e novas formas de expresión artística actuais. Movementos artísticos do s. XX e XXI en España e Galicia.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.	PE	70
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os dos seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimientos de pertenza, adoptando compromisos con principios e accións orientados á cohesión e á solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.	TI	30
CA2.2 - transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA2.11 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimientos de pertenza e adoptando compromisos con principios e accións orientados á cohesión e solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.</li> <li>- Tempo histórico: construcción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.</li> <li>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas: do expresionismo á abstracción. A vanguarda europea na primeira metade do século XX: o cubismo e o surrealismo a través dos principais artistas españoles e galegos.</li> <li>- Expresións artísticas e culturais tras a Segunda Guerra Mundial: as segundas vanguardas e as novas formas de expresión artística posmoderna no mundo actual. A arte actual en España e Galicia.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplio permitindo relationalos entre si e detectar as repercuśóns que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudio comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de

diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantage da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado. Deste xeito, poden detectarse os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, no seu caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e interacción entre eles. Logo coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas.... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuizo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudiantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBRO DE TEXTO
APUNTAMENTOS DO DOCENTE
AULA VIRTUAL DO CENTRO
CADERNO OU PORTFOLIO DE TRABALLO DO ALUMNADO
ACTIVIDADES ESPECIFICAMENTE MARCADAS
MATERIAL TIC e DIXITAL
MATERIAL AUDIOVISUAL E VISUAL

## XOGOS DE SIMULACIÓN

### LITERATURA e HISTORIA.

Hoxe en día se conta cunha grande diversidade de recursos para empregarse na aula e que o docente pode ir intercambiando adaptándoos a cada momento ou metodoloxía a emplegar.

O libro de texto é un material de apoio ao profesorado e ao alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, debe considerarse máis ben unha guía de traballo pois non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía. Polo tanto, o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e ben presentado. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas availables.

As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algúns capítulos destacables.

Pode dispoñerse de Xogos de mesa de feitos históricos para ser empregados nalgúnha ocasión.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoxe en día o manexo das TICs son necesarias polo que deben empregarse dándolle un uso sempre responsable.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A proba inicial ou diagnóstica realiza ao comezo do curso, e versará sobre contidos xa vistos en cursos precedentes que esteán en relación cos que se vaian a ver ao longo do curso de 4º da ESO. Non terá fin avaliativo sumativo, senón diagnóstico e formativo, para facernos ver o nivel do que parte o alumnado e, a finais de curso, valorar a súa progresión no proceso formativo propio.

Ademais, en cada Unidade Didáctica realizaremos tarefas ou actividades destinadas a discernir os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Tamén ofrecen información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo que realicen propostas didácticas de como queren abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que os escolares teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación, ben no momento da posta en común das resolucións da proba inicial ou ben durante a implementación da unidade didáctica mandándolles facer pescudas para que por si mesmos cheguen á conclusión exacta.

Dita proba inicial consistirá, segundo as unidades, na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións....

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>6</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>9</b>
<b>Proba escrita</b>	70	60	70	70	70	80	70	70	80	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	40	30	30	30	20	30	30	20	30

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 11</b>	<b>UD 12</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>6</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	30	<b>30</b>

#### Criterios de cualificación:

Para valorar os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas polo alumnado utilizaremos os criterios de avaliación seguintes que mediremos a través das probas e rúbricas elaboradas polo profesorado do departamento. Para as avaliacións trimestrais:

- PROCEDIMENTOS: análise das producións do alumnado, cuestionarios, intercambios orais co alumnado, observación sistemática e probas específicas.

- INSTRUMENTOS:

- Probas específicas: ao longo de cada trimestre farase, como mínimo unha proba escrita dos temas desenvolvidos; o número máximo non poderá ser superior ó número de temas desa avaliación. Os exames realizaranse no horario lectivo da materia e axustaranse ao tempo de duración da clase (50 minutos) e ás características do alumnado (nivel inicial, coñecementos previos, necesidades específicas, etc.).

- Análise da producción do alumnado: Para o nivel de 4º da ESO valoraranse os traballos individuais ou en grupo (pequenas investigacións, resumos e esquemas, resolución de exercicios, exposicións...) e o traballo diario de aula.

- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN: a nota de cada unha das avaliacións trimestrais será o resultado de sumar a media das probas teóricas realizadas e o resto dos instrumentos de avaliación; para aprobar unha avaliación é preciso acadar unha nota mínima de cinco puntos.

As porcentaxes na cualificación obtidas dos diferentes instrumentos quedan recollidas do seguinte xeito:

Para 4º da ESO o 80% da nota da cualificación da avaliación será a través dunha proba escrita e un 20% o traballo restante de aula (caderno, tarefas individuais e grupais...).

Na cualificación das probas escritas e traballos entregados polo alumnado terase en conta a expresión escrita: redacción e ortografía que se recollerá na rúbrica correspondente. As respostas vagas, imprecisas, a falta de dominio do vocabulario histórico, xeográfico ou artístico valorarase negativamente na nota de cada exercicio. As faltas graves de ortografía tamén suporán unha diminución na nota das probas ata un máximo dun punto sobre a cualificación total dese exercicio.

Cando unha alumna ou alumno non poida realizar algúna proba obxectiva de avaliación (exames) por causa xustificada deberá xustificar documentalmente a causa e terá dereito a realizar a proba ou probas cando as circunstancias permitan a súa realización. Este exame realizarase na primeira sesión de clase no que o alumno ou alumna se incorpore a clase. Se non puidera facerse antes da sesión da avaliación trimestral, a nota desa avaliación irá cos diferentes instrumentos de avaliación dos que se conte. Neste caso, esta nota de avaliación será considerada provisional e a alumna ou alumno deberá facer o exame que teña pendente en canto sexa posible, recalculándose posteriormente a nota da avaliación.

En calquera das avaliacións calquera proba escrita poderá avaliarse cun 0 (suspenso) se existe constancia de que o alumno copiou ou se permitiu que outros copiasen ou se hai indicios claros de ter utilizado medios fraudulentos durante a realización do exame (chuletas, intercambio de exames, uso de teléfono móvil, reprodutores de mp3, smartwatch ou miniauriculares).

No caso de que o alumno sexa pillado in fraganti, retiraráselle o exame e o profesor ou profesora poderá repetirlo de xeito oral inmediatamente.

No caso da presentación de traballos individuais ou grupais nos que se detecte que non foron feitos pola alumna ou alumno senón por un adulto, non será cualificado, ao igual que cando nun traballo se detecta que é un mero copiapega dalgúnha páxina de Internet.

Aproximacións nas cualificacións: as notas finais das avaliacións trimestrais, finais e extraordinarias teñen que ser expresadas en números enteros sen decimais, polo que para calcular a nota farase unha aproximación ó número enteiro seguindo os seguintes criterios:

- Nas avaliacións trimestrais a nota que figurará na acta e boletín de notas será o número enteiro sen decimais; a partir de 0'5 aproxímase ó número enteiro superior. Exemplo: 6'5→7..., mentres que 6'4→6

- Estas aproximacións non serán utilizadas nas medias para a avaliación final; estas medias serán calculadas coas

puntuacións con decimais obtidas realmente polo alumnado.

- Nas avaliaciós finais e extraordinaria a nota que figurará na acta e boletín de notas será o número enteiro sen decimais; a partir de 0'5 aproxímase ó número enteiro superior. Exemplo: 6'5→7..., mentres que 6'4→6

#### **Criterios de recuperación:**

Haberá unha proba de recuperación por cada avaliación logo de que esta remate que permitirá recuperar os contidos abordados en cada un dos trimestres. Recuperada a avaliación, a nota será recalcular para o cómputo da nota final. Haberá unha recuperación final que permitirá recuperar aquelas avaliaciós pendentes.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

\* Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerlo más comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase más.

\* Ao alumnado de altas capacidades proporcionáranselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez más complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Calquera outra incidencia ou problemática detectada ou sobrevida co noso alumnado dará paso a flexibilización ou adaptación non significativa desta programación para intentar atallar a situación e promover o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado afectado.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X		X			X		X
ET.2 - Educación ambiental.			X					
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X	X			X		
ET.4 - Emprendemento.			X			X		
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.			X					X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X		X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor			X			X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social		X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.2 - Educación ambiental.		X	X	
ET.3 - Educación para a igualdade.		X	X	
ET.4 - Emprendemento.		X	X	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.		X	X	
ET.7 - Educación para a paz		X	X	
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter ler en diferentes formatos e tamén redactar opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a conferencias ou ponencias científico-culturais.	Complementaria		X	
Viaxes científico-culturais de interese didáctico	Complementaria			X
Proxección de cine de interese pedagóxico	Complementaria	X		

**Observacións:**

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propónense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

### **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro**

#### **Indicadores de logro**

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Avalía e xulga en función dos criterios da programación

Aplica criterios de evaluación coñecidos e claros

Os criterios de evaluación e cualificación foron claros.

A temporalización foi adecuada.

Realizouse a evaluación inicial

Empregáronse diferentes instrumentos de evaluación.

Os criterios de cualificación foron axustados.

Metodoloxía emplegada

Planifica leccións, ensina e avalía

Crea ambiente de aprendizaxe

Emprega variedade de recursos

Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.

As actividades foron variadas e motivadoras.

Clima de traballo na aula

Motiva ao alumnado

#### **Descripción:**

O profesorado debe someterse á evaluación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de encuestas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, evaluación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispone dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliação e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliação (se houbo avaliação inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliação e propostas de mellora**

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliação, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte más real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliação trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliação, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliação, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliação do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumpliendo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

## **9. Outros apartados**